

RELIXIÓN CATÓLICA

OBXECTIVOS CURRICULARES DE ÁREA

1. Interesarse pola persoa de Xesús e coñece-los principais acontecementos da súa vida, a súa mensaxe de amor a Deus e ó próximo e o valor da súa acción salvadora.
2. Recoñecer os personaxes, os motivos e os adornos do Nadal. Coñecer o relato bíblico “O anuncio do anxo os pastores”. Valorar os bos desexos de felicidade, paz e amor que transmiten os cristiáns en Nadal.
3. Descubrir como ama Deus as persoas a través das ensinanzas de Xesús.
4. Recoñecer os días máis importantes da Semana Santa e o seu significado.
5. Valorar a importancia de amar as persoas, especialmente os pais.
6. Observar xestos de amor que enchen de alegría e de felicidade.
7. Identificar as boas ensinanzas que ofrecen os contos.
8. Descubrir novos xestos de amor e cariño.
9. Valorar os xestos e as expresións de amor a Deus que realizan os cristiáns.
10. Valorar os beneficios persoais e sociais que achegan falar, escoitar e axudar os nosos semellantes.
11. Descubrir as festas marianas.
12. Coñecer as distintas festas cristiáns.

UNIDADE 1

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|--|--|---|--|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Valorar a importancia de ler libros e aprender das mensaxes que conteñen. - Descubrir que Deus quere a nosa felicidade. - Coñecer o relato bíblico «El paraíso». - Aprender que o libro dos cristiáns é a Biblia e que consta de dúas partes. | <ul style="list-style-type: none"> - Os libros e as súas ensinanzas. - O relato bíblico “O paraíso”. - A Biblia, o libro dos cristiáns. | <ul style="list-style-type: none"> - Extraer a ensinanza dun conto. - Sinalar a Biblia como o libro máis importante dos cristiáns. - Identificar imaxes co relato bíblico «O paraíso». | <ul style="list-style-type: none"> - Valora a importancia dos libros e as súas ensinanzas. - Descubre que a Biblia é o libro máis importante e mediante o cal Deus comunica ás persoas as súas ensinanzas e amor. - Coñece o relato bíblico da “O paraíso”. - Colorea un debuxo relacionándoo co relato bíblico é obra de Deus. <ul style="list-style-type: none"> - Ordena as viñetas relacionadas co relato bíblico da unidade. - Coñece as partes da Biblia. | <ul style="list-style-type: none"> - CAA - CCL - CSC |

UNIDADE 2

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|--|--|--|---|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Tomar conciencia da importancia de amar os demais e de cumprir as boas promesas. - Descubrir a Deus como Pai Misericordioso e como Creador. - Comprender o relato bíblico «O patriarca Abrahán». - Identificar a Abrahán como o primeiro patriarca bíblico. | <ul style="list-style-type: none"> - O amor aos demais e as boas promesas. - Deus, Pai Misericordioso e Creador. - O relato bíblico «O patriarca Abrahán». - O perdón, comportamento que nos ensina Deus. - Que é un patriarca e quen foi o primeiro patriarca bíblico. | <ul style="list-style-type: none"> - Enumerar diferentes comportamentos da vida diaria que manifestan amor e boas promesas. - Expresar o máis importante que ensina a Biblia sobre Deus. - Comprender o relato bíblico «O patriarca Abrahán». - Explicar que é un patriarca e quen foi o primeiro patriarca bíblico. | <ul style="list-style-type: none"> - Enumera distintos comportamentos de amor e promesas que se manifestan na realidade. - Valora as ensinanzas que ofrecen os libros da Biblia sobre Deus. - Descubre na Biblia as ensinanzas e o amor de Deus. - Comprende o relato bíblico “O patriarca Abrahán”. - Completa a historia de “O patriarca Abrahán” correctamente. - Pinta un debuxo Abrahán. - Recoñece a importancia dos patriarcas. | <ul style="list-style-type: none"> - CSC - CCL - CD |

UNIDADE 3

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|---|--|--|---|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Valorar os comportamentos e os xestos cos que se celebra o verdadeiro Nadal. - Descubrir a verdadeira mensaxe cristiá do Nadal. - Coñecer o relato bíblico «O anuncio do anxo os pastores». - Coñecer o significado do Advento. - Identificar as panxoliñas como cancións de alegría polo nacemento de Xesús. | <ul style="list-style-type: none"> - Comportamentos e xestos relacionados co verdadeiro Nadal. - A verdadeira mensaxe cristiá do Nadal. - O relato bíblico «O anuncio do anxo os pastores». - O Advento, tempo de preparación para o Nadal. - As panxoliñas, cancións de Nadal. | <ul style="list-style-type: none"> - Enumerar comportamentos e xestos cos que se celebra o verdadeiro Nadal cristián. - Expresar a mensaxe cristiá do Nadal. - Sintetizar o máis importante do relato bíblico «O anuncio do anxo os pastores». - Explicar que é o Advento e canto dura. - Comprender a mensaxe das panxoliñas | <ul style="list-style-type: none"> - Valora e enumera os comportamentos e xestos cos que se celebra o Nadal. - Expresa a mensaxe cristiá do Nadal. - Relata o mais importante do relato bíblico “O anuncio do anxo os pastores”. - Sabe a importancia do Advento para os cristiáns. - Comprende a mensaxe das panxoliñas. - Elabora unha postal relacionada co Nadal. - Identifica as personaxes principais do Nadal. - Expresa en que consiste o valor do Nadal. | <ul style="list-style-type: none"> - CAA - CCL - CSC - CD |

UNIDADE 4

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|---|---|--|--|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Identificar as boas ensinanzas que ofrecen os contos. - Descubrir as ensinanzas e as parábolas de Xesús. - Coñecer o relato bíblico «A Tenda do Encontro». - Tomar conciencia da importancia de realizar comportamentos de amor a Deus, aos demais e a un mesmo. | <ul style="list-style-type: none"> - As boas ensinanzas que ofrecen os contos. - As ensinanzas e as parábolas de Xesús. - O relato bíblico «A Tenda do Encontro». - Comportamentos de amor a Deus, aos demais e a un mesmo. | <ul style="list-style-type: none"> - Escribir a ensinanza dun conto. - Identificar as parábolas con pequenas historias da vida diaria que conteñen unha boa ensinanza. - Ler e comprender o relato bíblico «A Tenda do Encontro». - Enumerar comportamentos de amor a Deus, aos demais e a un mesmo. | <ul style="list-style-type: none"> - Identifica e escribe a ensinanza dun conto. - Identifica as parábolas de Xesús e as súas boas ensinanzas. - Comprende o relato bíblico “A Tenda do Encontro”. - Completa unha ficha sobre o relato bíblica sen dificultade. - Enumera comportamento de amor a Deus, aos demais e a un mesmo. | <ul style="list-style-type: none"> - CCL - CAA -CSC -CD |

UNIDADE 5

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|---|--|---|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Recoñecer normas de boa convivencia. - Identificar as principais normas cristiás. - Comprender o relato bíblico «O bautizo de Xesús». - Tomar conciencia do que significa estar bautizado. - Identificar os símbolos do bautismo e coñecer o seu significado. | <ul style="list-style-type: none"> - As normas de boa educación. - As principais normas dos cristiáns. - O relato bíblico «O bautizo de Xesús». - Os símbolos do bautismo. | <ul style="list-style-type: none"> - Escribir normas que axudan ás persoas a ser máis felices na vida. - Coñecer os símbolos do bautismo. - Ler e comprender o relato bíblico «O bautizo de Xesús». - Coñecer o significado dos diferentes símbolos do bautismo. - Realizar fichas sobre o sacramento do bautismo. | <ul style="list-style-type: none"> - Escribe as normas de boa convivencia que axuda ás persoas a ser máis felices na vida. - Coñece e identifica os símbolos do bautismo. - Le e comprende o relato bíblico “O bautizo de Xesús”. - Coñece o significado dos símbolos do bautismo. - Ordea correctamente as viñetas sobre o bautizo de Xesús. - Realiza fichas sobre o sacramento do bautismo. - Pinta un debuxo do bautizo de Xesús no río Xordán co seu curmán Xoán o Bautista. | <ul style="list-style-type: none"> - CCL - CSIEE - CSC - CAA - CD |

UNIDADE 6

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|---|---|--|--|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Tomar conciencia de que Deus Pai enviou o seu Fillo para salvarnos. - Recoñecer, nos pasos de Semana Santa, as imaxes da paixón de Xesús. - Comprender o relato bíblico «As mulleres van ao sepulcro». - Valorar o que fan os cristiáns en Semana Santa. | <ul style="list-style-type: none"> - Deus envía ao seu Fillo para salvarnos e ensinarnos o seu grande amor. - As imaxes dos pasos de Semana Santa lembran a paixón, morte e resurrección de Xesús. - O relato bíblico «As mulleres van ao sepulcro». - En Semana Santa, os cristiáns ven procesións e acompañan a Xesús saíndo de penitentes. | <ul style="list-style-type: none"> - Completar o texto «Deus enviou ao seu Fillo Xesús para salvarnos e ensinarnos o seu grande amor». - Descifrar qué lembran os cristiáns en Semana Santa. - Ler con atención o relato bíblico «As mulleres van ao sepulcro». - Explicar qué fan os cristiáns en Semana Santa. | <ul style="list-style-type: none"> - Sabe que Deus Pai nos enviou a Xesús para salvarnos. - Aprende o que lembran os Cristián en Semana Santa. - Recoñece as imaxes da paixón de Xesús. - Comprende o relato bíblico “As mulleres van ao sepulcro”. - Explica qué fan os cristiáns os principais días de Semana Santa: xoves santo, venres santo, sábado santo e domingo de resurrección. - Completan fichas sobre o que se fai en Semana Santa. - Elaboran un ovo de Pascua. | <ul style="list-style-type: none"> - CCL - CAA - CSC - CD |

UNIDADE 7

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|--|---|---|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Tomar conciencia dos cambios que se producen na natureza e na vida das persoas. - Valorar a importancia de ser cristiáns. - Aprender que os cristiáns formamos a Igrexa. - Comprender o relato bíblico «San Pablo explica a Igrexa». - Identificar a Deus coma o noso Pai e nos coma os seus fillos. | <ul style="list-style-type: none"> - Os cambios que se producen na natureza e na vida das persoas. - A fe na Igrexa. - O relato bíblico «San Pablo explica a Igrexa». - Deus é o noso Pai e nos somos os seus fillos. - Somos a familia de Deus. | <ul style="list-style-type: none"> - Enumerar as consecuencias que producen os cambios na vida das persoas e na natureza. - Recoñecer a importancia da Igrexa para os cristiáns. - Interpretar correctamente o relato «San Pablo explica a Igrexa». - Identificar a Deus como o noso Pai. | <ul style="list-style-type: none"> - Coñece e enumera os cambios que se producen na vida das persoas e na natureza. - Recoñece a importancia da Igrexa para os cristiáns. - Le e comprende o relato bíblico “San Pablo explica a Igrexa”. - Colorea un debuxo sobre o relato bíblico. - Describe situacións nas que se identifica como fillo de Deus. | <ul style="list-style-type: none"> - CCL - CAA -CD - CSC - CCEC |

UNIDADE 8

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|---|--|--|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Tomar conciencia dos beneficios persoais e sociais que representan as festas. - Descubrir as principais festas da Igrexa sobre María. - Ler o relato bíblico “A Anunciación a María”. - Valorar a orixe e o motivo da festa da Visitación. - Identificar o mes de maio co mes da Virxe María. | <ul style="list-style-type: none"> - A alegría e a participación das festas marianas. - As festas da Igrexa sobre a Virxe María. - O relato bíblico «A Anunciación a María». - O mes da Virxe María. | <ul style="list-style-type: none"> - Enumerar os motivos polos que se celebran festas en honor a María. - Unir e colorear os nomes das festas da Igrexa sobre a Virxe María e o motivo polo cal se celebran. - Comprender o relato bíblico «A Anunciación a María», e relaciónao coa festa que celebra e lembra este acontecemento. - Expresar sentimentos de agradecemento á Virxe María. | <ul style="list-style-type: none"> - Enumera os motivos polos que se celebran festas en honor a María. - Expresa a alegría e a participación nas festas marianas. - Descubre as principais festas da Igrexa sobre María. - Realiza fichas sobre distintas festas e os seus motivos polos cales se celebran. - Comprende o relato bíblico “A Anunciación a María”. - Valora a orixe e o motivo da festa da Visitación. - Identifica o mes de maio coma o mes da Virxe María. | <ul style="list-style-type: none"> - CCL - CAA - CD - CSC - CCEC - CSIEE |

UNIDADE 9

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|---|--|--|---|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Descubrir como celebran os cristiáns as festas relixiosas. - Identificar as principais festas do calendario cristián. - Coñecer o relato bíblico «Xesús na festa de Pascua». - Valorar o domingo como a principal festa cristiá. | <ul style="list-style-type: none"> - As festas cristiás. - Os tempos e as festas do ano litúrxico. - O relato bíblico «Xesús na festa de Pascua». - O significado do domingo para os cristiáns | <ul style="list-style-type: none"> - Saber os tempos do ano litúrxico. - Completar unha frase sobre o ano litúrxico, os seus tempos e as súas festas. - Ordenar as viñetas do relato bíblico «Xesús na festa de Pascua». - Escribir o motivo polo cal o domingo é a festa cristiá máis importante. | <ul style="list-style-type: none"> - Descubre como celebran os cristiáns as festas relixiosas. - Coñece e identifica as principais festas do calendario litúrxico. - Coñece e entende o relato bíblico “ Xesús na festa de Pascua”. - Ordena as viñetas do relato bíblico “Xesús na festa de Pascua”. | <ul style="list-style-type: none"> -CCL - CAA -CD - CSC - CCEC - CSIEE |

TEMPORALIZACIÓN

| |
|----------------------------|
| 1ª AVALIACIÓN: temas 1,2,3 |
| 2ª AVALIACIÓN: temas 4,5,6 |
| 3ª AVALIACIÓN:temas 7,8,9. |

METODOLOXÍA

Ensinar relixión non consiste soamente en explicar unhas verdades relixiosas ben estruturadas, se non, e sobre todo, en axudar ós alumnos a construír un pensamento fundamentado, sistemático e autocrítico a cerca das cuestións relixiosas fundamentais . Neste sentido podemos afirmar que non é tan importante o que nos ensinamos canto o que o alumno aprende.

As clases comencan sempre con un diálogo cos alumnos. Despois facemos una lectura, pode ser un conto ou algún relato. Foméntase a adquisición da competencia en **comunicación lingüística**.

Despois fan unha ou dúas fichas, dependendo do grao de dificultade. Pero normalmente é de pintar, pegar ou reparar . A medida que avanza o curso as fichas tamén son máis complicadas.

Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.

Traballo en grupo cooperativo: reunir os alumnos en grupos de 3 ou 4 alumnos e utilizar as estruturas da aprendizaxe cooperativa suxeridas na guía do profesor para traballar os principios de definición de obxectivo grupal, interdependencia positiva e interacción cara a cara.

Tamén se utiliza a aula de informática para que os alumnos poidan pintar fichas no ordenador ou xogar a algún xogo de relixión, fomentando así a adquisición da competencia do **tratamento da información e competencia dixital**.

Sempre se intenta atender cada alumno persoalmente, pero cando non é posible, entón explícase en voz alta para todos.

Tratamos sempre de relacionar o que estamos dando con conceptos que eles coñecen para unha mellor comprensión.

MATERIAIS CURRICULARES E OUTROS RECURSOS DIDÁCTICOS

- A explicación do profesor en primer lugar
- A Biblia infantil.
- Fichas
- DVD do centro
- Películas en DVD adecuadas ó tema oportuno.
- Fichas dos libros “MATERIALES DE APOYO PARA LAS CLASES DE RELIGION EN PRIMARIA”.
- A biblioteca do Centro.
- Cartulinas
- Pegamento.
- Tesoiras.
- Papel de cores.
- Cores para pintar.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Traballo de clase.
- Observación directa na aula.
- Seguimento da avaliación continua no rexistro.

SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

Cuantitativa no que se refire ao traballo na libreta e cualitativa no traballo diario na aula.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para todos os alumnos e as alumnas:

- Ficha de reforzo.
- Ficha de ampliación.
- Organiza o aprendido (mapa conceptual) das unidades.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Actividades da proposta didáctica.

Non está prevista ningunha saída ao longo do curso.

FOMENTO DA LECTURA

- Lecturas da unidade.

FOMENTO DAS TIC

Busca de información en internet e emprego dun CD-ROM que ofrece actividades interactivas de reforzo e de ampliación dos contidos das unidades.

EDUCACIÓN EN VALORES

- Educación para a convivencia. Establécense criterios morais universais dos que derivan actitudes de tolerancia, respecto e non discriminación. Sublíñanse especialmente os valores cristiáns do amor, a caridade, o perdón, a solidariedade, etc; como aporte cristián a unha cultura universal da igualdade.
- Educación para a paz, donde se destaca especialmente a importancia que Xesús deu a este tema.
- Educación no respecto á igualdade de tódolos seres humanos, sen discriminacións por ningún motivo.